

# **ORDENANZA FISCAL Nº 25 REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA E APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO CHAN, SUBSOLO OU VOO DA VÍA PÚBLICA EN FAVOR DE EMPRESAS DE SUBMINISTRACIÓNS**

## **Artigo 1. NATUREZA DO TRIBUTO**

En uso das facultades concedidas polos arts. 4 e 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos arts. 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa por utilización privativa e aproveitamentos especiais constituídos no chan, subsolo ou voo da vía pública a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto nos artigos 20 e seguintes do citado Real Decreto Legislativo 2/2004 e normativa concordante.

## **Artigo 2. FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúe o feito impoñible da taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial constituído no chan, subsolo ou voo das vías públicas municipais, por empresas explotadoras de servizos de subministracións que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza.

## **Artigo 3 . SUXEITO PASIVO**

1. Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, titulares das empresas explotadoras de servizos de subministracións, con independencia do carácter público ou privado destas, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das cales se efectúen as subministracións coma se, non sendo titulares das devanditas redes, o son de dereitos de uso, acceso ou interconexión destas.

2. Para estes efectos, incluíranse entre as empresas explotadoras dos devanditos servizos as empresas distribuidoras e comercializadoras destes.

3. Exceptúanse do réxime sinalado os servizos de telefonía móbil e os operadores de comunicacións electrónicas en xeral que non sexan titulares das redes de subministración.

## **Artigo 4. PERÍODO IMPOSITIVO E REMUNERACIÓN**

A presente taxa ten natureza periódica, percibíndose o primeiro día do período impositivo, que coincidirá co ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cesamento no uso privativo ou o aproveitamento especial, en que o período impositivo se axustará a estas circunstancias, rateándose a cota por trimestres naturais completos.

## **Artigo 5. BASES E TIPOS**

1. A base estará constituída polos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente no termo municipal de Narón, as empresas ás que se refire o artigo 3º.

2. Terán a consideración de ingresos brutos procedentes da facturación obtida anualmente no termo municipal polas referidas empresas, os obtidos no devandito período por estas como consecuencia das subministracións realizadas aos usuarios, incluíndo os procedentes do aluguer e conservación de equipos ou instalacións, propiedade das empresas ou dos usuarios, utilizados na prestación dos referidos servizos así como as cantidades percibidas polos titulares das redes en concepto de acceso ou interconexión a estas.

3. En todo caso deberán ser incluídos na facturación o importe de todas as subministracións efectuadas aos usuarios no termo municipal de Narón aínda cando as instalacións establecidas para realizar unha subministración concreta estean situadas fóra do devandito termo ou non transcorran en todo ou en parte por vía pública.

4. Non terán a consideración de ingresos brutos procedentes da facturación, os seguintes conceptos:

- a) Os impostos indirectos que os graven.
- b) As subvencións de explotación ou de capital, tanto públicas como privadas, que as empresas subministradoras poidan recibir.
- c) As cantidades que poidan recibir por doazón, herdanza ou por calquera outro título lucrativo.
- d) As indemnizacións esixidas a terceiros por danos e prexuízos.
- e) Os produtos financeiros, tales como dividendos, xuros e calquera outros de análoga natureza.
- f) As cantidades procedentes do alleamento de bens e dereitos que formen parte do seu patrimonio.
- g) As partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade que se aplique este réxime especial.
- h) En xeral, todo ingreso que non proceda da facturación realizada en cada termo municipal por servizos que constitúan a actividade propia das empresas de servizos de subministracións.

5. Os ingresos aos que se refire o apartado 2 do presente artigo minoraranse exclusivamente en:

- a) As partidas incobrables determinadas de acordo co disposto na normativa reguladora do imposto sobre sociedades.
- b) As partidas correspondentes a importes indebidamente facturados por erro e que sexan obxecto de anulación ou rectificación.
- c) As cantidades satisfeitas a outras empresas en concepto de acceso ou interconexión ás redes, en canto ás que empreguen redes alleas para efectuar as subministracións.

#### **Artigo 6. COTA TRIBUTARIA**

1. A cota da taxa será a cantidade resultante de aplicar o un e medio por 100 á base.

2. Esta taxa é compatible coas taxas establecidas por prestacións de servizos ou a realización de actividades.

#### **Artigo 7. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS**

Non se concederán máis exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas leis ou as derivadas da aplicación dos tratados internacionais.

#### **Artigo 8. NORMAS DE XESTIÓN**

1. As empresas explotadoras de servizos de subministracións, deberán presentar na oficina xestora da taxa nos primeiros quince días de cada trimestre natural a declaración comprensiva dos ingresos brutos obtidos no trimestre anterior. Esta declaración deberá acompañarse dos documentos acreditativos da facturación efectuada ao termo municipal de Narón, así como a que en cada caso solicite a Administración municipal.

2. A Administración municipal practicará as correspondentes liquidacións trimestrais que terán carácter provisional ata que sexan realizadas as comprobacións oportunas. Efectuadas estas comprobacións practicarase a liquidación definitiva que será notificada ao interesado. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario de conformidade co

disposto no art. 20 do vixente Regulamento Xeral de Recadación procederase a esixir o débito pola vía de prema.

3. En todo caso as liquidacións provisionais adquirirán o carácter de definitivas cando transcorran catro anos a contar desde a data de presentación da declaración á que se refire o artigo anterior.

4.Excepcionalmente, cando a cota trimestral das empresas subministradoras dentro do termo municipal de Narón, sexa inferior a 100 , poderá solicitar da Facenda municipal, autorización para facer a declaración de ingresos brutos con carácter semestral ou anual. A solicitude deberá presentarse acompañada de xustificación acreditativa.

5. As normas de xestión ás que se refire este capítulo terán carácter supletorio cando existan convenios ou acordos entre o Concello de Narón e as empresas explotadoras de servizos de subministracións.

### **Artigo 9 . INFRACCIÓN E SANCIÓN**

En todo o relativo a infraccións tributarias e ás súas distintas cualificacións, así como as sancións que a estas correspondan, aplicarase o disposto na vixente Lei xeral tributaria e na ordenanza fiscal xeral.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL:**

A efectos desta Ordenanza, será de aplicación o establecido na Lei 15/1987, de 30 de xullo, de tributación da Compañía Telefónica Nacional de España.

#### **DISPOSICIÓN FINAL 1ª:**

Unha vez aprobada, definitivamente, esta Ordenanza deberá darse cumprimento ao establecido no artigo 29.2 a) da Lei 32/2003, de 3 de novembro, Xeral de Telecomunicacións, relativo á remisión do texto da mesma á Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

#### **DISPOSICIÓN FINAL 2ª:**

A presente ordenanza fiscal, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro do 2020, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.